



BOLETÍN FITOSANITARIO DE AVISOS E INFORMACIÓNS

23 de xuño de 2009

Nº 9/09

METEOROLOXÍA

O tempo seco e caluroso que se prodixo durante a semana pasada, estes días dará paso a unha situación intermedia con baixada das temperaturas e aumento de brétemas costeiras. Os ventos soprarán frouxos de dirección variable. Se embargo a partires do xoves prevese o aumento da nubosidade e daranse algunhas precipitacións de carácter feble ata o fin de semana.

VIÑEDO

D. O. Rías Baixas

Estado fenolóxico medio

J-K. Callado- uvas tamaño guisante. Xa pasado o período de purga e callado, pódese afirmar que a colleita en Rías Baixas pode ser boa (nen alta nen baixa), aínda que en algunhas parcelas -sobretudo nas que teñen excesivo vigor- produxose algún corremento dos acios.

Coidados culturais

Continuamos con un forte crecemento da gomariza, polo que **segue sendo necesario realizar a poda en verde** da vexetación que colga dos aramos dos sistemas de condución. O fin é permitir o paso da maquinaria para dar os labores de mantemento do chan e facer as aplicacións de fitosanitarios sen desgarras da gomariza. Tamén xa é conveniente comenar co **desnetado** dos brotes que emerxen das xemas que están a altura dos acios para favorecer a ventilación destes e para que os tratamentos fitosanitarios alcancen os mesmos.

Incidencias fitopatolóxicas destacadas

Mildeu. (*Plasmopara viticola*)

Durante os últimos días aumentou a sintomatoloxía de Mildeu, tanto en folla como en acio, a causa das infeccións





Síntomas de Mildeu, en folla e acio, con presenza de esporulación.

producidas os días 13 ó 16 de xuño, datas en que se produxeron precipitacións contaminantes.

Oídio (*Uncinola necator*)

Non se observan síntomas pero os últimos días de calor e humedade, máis a sensibilidade fenolóxica do viñado a partir dos grans tamaño guisante, xa podería producirse a sintomatoloxía da enfermidade.

Botrite (*Botrytis cinerea*)

Xa pasado o período sensible de floración os estados fenolóxicos actuais non son sensibles a enfermidade.

Polilla dos acios (*Lobesia botrana* e *Clysia ambiguella*)

Polo momento non se observa o aumento da segunda xeración de voos das polillas.

Recomendacións

PARA O MILDEU:

Ante a previsión meteorolóxica para os próximos días, convén aplicar un novo tratamento fitosanitario antes do día 25 deste mes en base as seguintes consideracións:

- Parcelas sen síntomas: preferentemente fitosanitario do tipo fixación ás ceras cuticulares (efecto preventivo).
- Parcelas con manchas de aceite sen esporular: fitosanitario do tipo sistémico (efecto erradicante).
- Parcelas con esporulación recente: fitosanitario de tipo penetrante, preferiblemente a base de DIMETOMORF ou CIMOXANILO (efecto antiesporulante).

As parcelas que teñen excesivo vigor poden comenar a empregar preparados con algún porcentaxe de cobre na súa composición.

PARA O OÍDIO:

Recomendase a aplicación de XOFRE MOLLABLE xunto co anterior tratamento. Polo momento non son necesarios tratamentos específicos con TRIAZOLES, STROBIRULINAS ou QUINOLINAS, xa que a presión da enfermidade non é forte.



HORTA

Estados medios dos cultivos máis importantes

- Invernadoiro	Tomates e pementos Xudías	colleita colleita
-Aire libre	Patacas Patacas Leituga Repolos Cebola	tuberización (c. medio) recolección (c. temperán) transplante, crecemento e recolección transplante, crecemento e recolección formación de bulbos

Incidencias

Mildeu

Sobre todo no cultivo de leituga, obsérvanse síntomas da enfermidade. Nos demais cultivos sensibles (Cebola, Pataca e Tomate) apeas se observan síntomas polo momento, pero hai que continuar co control da enfermidade.

Botryte e *Sclerotinia sclerotiorum*

A humidade ambiental dos últimos días está provocando os primeiros danos en Tomate e en Leituga con sintomatoloxía patente.



Oidiopse (*Leveillula taurica*)

Mantense o nivel de afección da enfermidade en Pemento de invernadeiro, con sintomatoloxía en xeral de escasa consideración.

Trips (*Frankliniella occidentalis*)

No cultivo de Pemento en invernadoiro seguen observándose as poboacións de trips aínda que non se xeneralizaron

(tamén vector da virose TSWV- Virus do Bronceado).

Moca branca (*Trialeurodes vaporariorum*)

As primeiras poboacións do hemíptero nos invernadoiros de Tomate detectadas nas últimas datas, manteñense en niveles de poboación baixos.





Recomendacións

Nos cultivos hortícolas sensibles o Mildeu (Pataca, Cebola, Tomate e Leitugas) deberá manterse o control fitosanitario da enfermidade, preferiblemente con preparados de tipo sistémico, penetrante ou cuticulares, con unha cadencia aproximada dende o último tratamento de dúas semanas, e en Cebola de 12 días coas condicións actuais.

Nos cultivos máis sensibles a **Botrite e Sclerotinia** (Tomate e Xudía en invernadoiro e Leituga no exterior e invernadeiro) deberase aplicar un novo tratamento antibotrítico, xa que persisten as condicións óptimas para o seu desenvolvemento.

En xeral as pragas non alcanzan os niveis de presenza como para requerir novos tratamentos insecticidas.